



Concello de Outeiro de Rei

CONVOCATORIA DE ADMISIÓN DO VIVEIRO INDUSTRIAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Artigo 1. - Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a distribución dos locais industriais dispoñibles no viveiro industrial de Outeiro de Rei, entre as empresas que o soliciten e reúnan os requisitos establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 2.- Definición do Viveiro industrial

O Viveiro de industrial é unha acción impulsada polo Concello de Outeiro de Rei co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e proporcionar un espazo de xestión e un apoio administrativo ás novas empresas que desenvolvan actividades industriais.

O Viveiro industrial constitúese como un espazo físico, de iniciativa pública, cuxo obxectivo fundamental é facilitar o nacemento de novas empresas de carácter industrial ofrecendo as condicións e servizos precisos para a implantación inicial e a consolidación das empresas por un tempo limitado, empresas que pola súa viabilidade poidan contribuír en termos económicos, comerciais, de emprego, etc. ao desenvolvemento do municipio, favorecéndose aqueles proxectos que polo seu interese social ou estratéxico, así se determinen.

Por outra banda, preténdese desenvolver un tecido empresarial complementario do existente na estrutura económica actual do noso municipio. O viveiro de industrial ofrece os seguintes servizos:

Naves:

Nave 1.....	131,56 m2
Nave 2.....	126,75 m2
Nave 3.....	126,75 m2
Nave 4.....	131,56 m2

As persoas beneficiarias poderán optar a unha nave completa ou á metade, en función das súas necesidades.

Zonas comúns:

Vestiaro accesible.....	7,28 m2
Aseo accesible.....	5,14 m2



Concello de Outeiro de Rei

Vestíbulo.....	20,38 m2
Vestuario masculino.....	20,34 m2
Vestuario feminino.....	20,34 m2
Oficina(1).....	11,92 m2
Sala de reunión(2).....	23,88 m2

(1) Despacho de asesoramento profesional; este espazo contará cun profesional que ofrecerá asesoramento aos usuarios do viveiro. Tamén poderá ser utilizado polos usuarios segundo as normas de uso do viveiro.

(2) Espazo que poderá ser utilizado como sala de reunións, sala de prensa ou aula de formación.

Non obstante, o Concello poderá habilitar con carácter sobrevido novos espazos e servizos dispoñibles, ou mesmo subdividir os espazos actuais co gallo de habilitar máis locais.

O prazo de duración da adxudicación de uso das naves é o seguinte:

- a) Preincubación e incubación: 12 meses
- b) Prórroga: unha vez finalizado o período de incubación, as empresas poderán solicitar cun mes de antelación á finalización do seu contrato, unha prórroga da estancia no Viveiro por motivos extraordinarios e por un período máximo de 12 meses.

Dita solicitude deberá ser revisada e aprobada pola Comisión Técnica do Viveiro Industrial de Empresas, que elevara a proposta á alcaldía, para a súa formalización.

A Comisión Técnica estará formada polo alcalde ou persoa na que delegue, o secretario, a arquitecta municipal, a AEDL e, no seu caso, pola persoa encargada do asesoramento empresarial.

TÍTULO SEGUNDO

SELECCIÓN DE PROXECTOS EMPRESARIAIS

Artigo 3. - Beneficiarios.

Consideraranse como candidatos aqueles proxectos de creación de novas empresas de carácter industrial, que cumpran os requisitos previos que se expresan no



Concello de Outeiro de Rei

artigo 4 deste regulamento e cuxo proxecto empresarial sexa considerado viable.

Serán beneficiarios persoas físicas ou xurídicas habilitadas legalmente para o exercicio das funcións declaradas.

Artigo 4. - Requisitos previos.

O Viveiro industrial de Outeiro de Rei está destinado a empresas de nova ou recente creación de carácter industrial.

Terán a consideración de candidatos/as para o uso do viveiro industrial aquelas persoas físicas ou xurídicas con proxectos de creación de empresas e empresas establecidas que vaian desenvolver unha nova liña de actividade e que cumpran os seguintes requisitos previos:

- a) As empresas non constituídas terán 3 meses para facelo desde a data da resolución.
- b) Empresas constituídas nun prazo inferior aos 6 meses desde a data de solicitude.
- c) Ter domicilio social e fiscal en Outeiro de Rei na data de resolución.
No caso de empresas con domicilio fóra do Outeiro de Rei, terán un prazo de 3 meses desde a data de resolución para domiciliarse en Outeiro de Rei.
- d) A empresa deberá desenvolver unha actividade empresarial de carácter industrial.
- e) As empresas deben presentar un proxecto que garanta a súa viabilidade económica e técnica e unha solicitude de admisión. A persoa ou empresa encargada polo Concello de Outeiro de Rei do asesoramento empresarial, será a encargada de valoralo e facer un informe.

Para a consideración de empresa de recente creación tomarase a data de outorgamento da escritura de constitución por parte do correspondente notario, en caso de sociedades, e para o caso de persoas físicas, a data de alta no Réxime Especial dos traballadores Autónomos.

Prestarase especial atención na verificación da antigüidade do negocio declarada.



Concello de Outeiro de Rei

Artigo 5. - Actividades excluídas.

Actividades que xeren externalidades que prexudiquen o desenvolvemento normal do Viveiro e a convivencia no mesmo de conformidade ao establecido no Regulamento de Réxime Interno. A xustificación das causas da exclusión por este concepto, han de recollerse por escrito en informe da Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei.

Artigo 6.-Petición.

O proceso de selección considerárase iniciado desde a data en que se presente a documentación completa, entre a que se incluírá unha solicitude asinada por un representante da empresa.

Artigo 7. - Punto de información.

O Concello de Outeiro de Rei constitúese como punto de información e departamento responsable da selección dos proxectos empresariais que van incorporarse ao Viveiro industrial. Garantirá a transmisión dos datos necesarios para que o promotor coñeza as instalacións, os servizos que se prestan, as características do convenio de prestación de servizos, os prezos vixentes e a metodoloxía do proceso selectivo.

Aos promotores que desexen iniciar o proceso selectivo, facilitaráselles os planos do Centro.

Artigo 8. - Documentación esixida.

a) Considerarase completa a documentación cando se achegue a documentación imprescindible para o estudo da proposta.

En concreto, acompañarase á solicitude:

1. DNI do promotor ou CIF da empresa acompañado de copia da escritura do poder ou documento acreditativo da representación legal e identidade do solicitante.
2. Curriculum Vitae, vida laboral actualizada e de ser o caso, contratos ou documentación acreditativa da experiencia laboral relacionada coa actividade a



Concello de Outeiro de Rei

desenvolver, do promotor ou promotores.

3. Plan de Empresa (acompañando xustificantes dos datos económicos rexistrados pola empresa no caso de que a empresa xa estea en funcionamento), incluído o seu plan de viabilidade.

4. Escritura de constitución debidamente rexistrada (para o caso de sociedades) e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (para o caso de persoas físicas).

5. Declaración censual de alta no Censo de Obrigados Tributarios ou no censo que o substitúa, (Modelo 036- 037).

b) Unicamente as empresas non constituídas poderán entregar os dous últimos documentos, xunto co CIF, no prazo de tres meses dende a resolución de acollemento no viveiro.

Toda a documentación solicitada deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

Artigo 9.- Lugar de entrega de solicitudes.

A solicitude cuberta e asinada polo emprendedor/a ou empresario/a acompañada da documentación deberá entregarse no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei de luns a venres en horario de 9:00 h a 15:00 h e os sábados en horario de 10:00 h a 13:00 h.

Como comprobante de recepción entregárase un duplicado da solicitude con data e selo do Concello de Outeiro de Rei.

O prazo de presentación ten vixencia indefinida.

Artigo 10. - Estudo de proxectos.

a) O servizo de asesoramento empresarial e estudo de proxectos estará supervisado pola AEDL municipal; este servizo ocupárase do estudo e informe previo das solicitudes de admisión así como, no seu caso, das prórrogas de permanencia e da resolución dos conflitos de convivencia entre as empresas ou empresarios que ocupen o viveiro.

b) Durante o tempo de estudo dos proxectos poderanse esixir cantos datos se precisen para a correcta valoración dos citados. Non se considerarán imputables ao



Concello de Outeiro de Rei

Concello de Outeiro de Rei as posibles demoras no proceso producidas pola tardanza en chegar os datos mencionados.

Artigo 11.- Concorrenza de solicitudes.

Nunha primeira convocatoria, establecerase un proceso aberto de dous meses para a presentación de solicitudes de admisión e dun mes para o estudo, valoración e resolución das solicitudes presentadas para a súa admisión no Viveiro Industrial de Empresas de Outeiro de Rei.

Esta convocatoria será publicada a través do BOP da Deputación de Lugo e nos taboleiros de anuncios municipais (tanto físico como virtual sito este último na sede electrónica municipal, <https://outeiroderei.sedelectronica.gal>).

A solicitude de admisión (Anexo I da convocatoria) estará a disposición das persoas interesadas na sección de empresas da sede electrónica municipal e nas oficinas administrativas do Concello de Outeiro de Rei.

Unha vez resolta esa primeira convocatoria, no caso de quedar locais vacantes no Viveiro, as solicitudes iranse resolvendo segundo se presenten e ata cubrir os espazos dispoñibles.

A efectos da selección, considerarase que unha serie de proxectos concorren na solicitude dun local cando se presente no prazo de solicitude, a documentación completa de dous ou máis proxectos orientados cara a un mesmo local.

Neste caso, os proxectos concorrentes serán sometidos a unha fase de baremación, regulada no artigo 13, no que se ponderarán determinados criterios.

Artigo 12.- Ditame de viabilidade.

a) O estudo da viabilidade do proxecto recolle a análise das áreas fundamentais do negocio extraídas dos datos e formulacións do plan de negocio.

O informe técnico que contempla a avaliación citada e a xustificación das puntuacións, é o denominado Ditame de Viabilidade e a súa estrutura acompáñase no ANEXO 3.

b) Así mesmo, poderase incorporar valoración doutras circunstancias que comporte a petición, tales como interese público, oportunidade, conveniencia ou



Concello de Outeiro de Rei

necesidade para a empresa, etc.

Artigo 13.- Baremo selectivo.

Para os casos en que se produza concorrencia de solicitudes, os proxectos que sexan considerados beneficiarios a efectos do artigo 3, e que reciben os informes favorables citados no artigo 12, serán ponderado considerando os seguintes criterios:

- I.- Proxección futura / viabilidade.
- II.- Antigüidade do negocio.
- III.- Tipo de actividade desenvolvida ou prevista.
- IV.- Número de empregos que crea.
- V.- Fomento do emprego en colectivos desfavorecidos.
- VI.- Empresas de Economía Social.
- VII.- Situación persoal e laboral dos promotores.

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado son 40 puntos e os paneis de puntuación serán os seguintes:

- A puntuación acerca da proxección futura/viabilidade será recollida do ditame de viabilidade. Poderá sumar un máximo de 10 puntos por este concepto.
- Proxecto de empresa se valorará con 5 puntos, empresa constituída con 10 puntos.
- Mercado incipiente, 4 puntos, mercado estable 2 puntos e mercado en declive, 0 puntos.
- Consignarase 1 punto por cada emprego indefinido creado. O máximo permitido neste apartado será de 4 puntos. Se o traballador/a non é contratado a xornada completa, á puntuación aplicaráselle a porcentaxe de xornada que efectúe. A estes efectos, os socios traballadores dados de alta no Réxime de Autónomos, serán asimilados a traballadores indefinidos cando demostren ocupar cargos de administración na empresa.
- Por cada emprego xerado, incluído o do promotor ou promotores, pertencente ao colectivo de maiores de 45 anos, parados de longa



Concello de Outeiro de Rei

duración, mulleres, minusválidos ou mozos menores de 30 anos, 1 punto.

O máximo nesta categoría será de 4 puntos.

- Empresas de Economía Social: 2 puntos
- Se o promotor/es ou unha porcentaxe maior ou igual ao 50% dos socios pertencen aos colectivos anteriormente citados ou proveñen dunha situación de desemprego, agregarase 1 punto.
Se a persoa promotora ou promotoras teñen formación regrada relacionada coa actividade a desenvolver: 2 puntos.
Experiencia laboral relacionada coa actividade a desenvolver: Por cada 180 días, 0,5 puntos con un máximo de 3 puntos.
- En caso de producirse un empate entre os proxectos valorados, primará a puntuación obtida no capítulo de Proxección Futura / Viabilidade. Se persiste o empate atenderase á orde de entrada no rexistro municipal das solicitudes presentadas.

Artigo 14.- Resolución do proceso selectivo.

Concluído o proceso de selección conforme ao establecido nos artigos anteriores, tanto o ditame de viabilidade como a baremación das iniciativas presentadas serán emitidos polo asesor empresarial e presentado á Comisión Técnica para a súa valoración, procedéndose a continuación a través de decreto da alcaldía, a realizar a adxudicación definitiva de locais, baseándose nos informes recibidos e, no seu caso, nos resultados do baremo aplicado.

Artigo 15.- Comunicación do resultado do proceso selectivo.

Unha vez resolta a adxudicación, o Concello de Outeiro de Rei notificará o resultado dos informes e a decisión tomada. No caso de que exista concorrencia de solicitudes para un mesmo local, a comunicación deberá incluír o resultado dos informes, do baremo e a decisión tomada.

Artigo 16.- Firma de convenio e período de vixencia de adxudicacións.

a) Unha vez comunicada a decisión do Concello de Outeiro de Rei de conceder a adxudicación do local á empresa, procederase a asinar o convenio de prestación de servizos que lles unirá coa Entidade Local.



Concello de Outeiro de Rei

b) O prazo máximo que pode manterse unha adxudicación á espera de firma de convenio será de dous meses.

c) Deberase executar fisicamente o seu ingreso e instalación no viveiro no prazo máximo dun mes a contar desde o día seguinte á firma do convenio.

Artigo 17.- Renuncia ou finalización de período de vixencia de adxudicacións.

No caso de que unha empresa renuncie ao local unha vez lle foi concedido ou se esgote o período de vixencia, perderá todo dereito sobre o mesmo pasándose a estudar novas solicitudes ou, en caso de concorrência, propoñerase a súa adxudicación ao seguinte proxecto máis puntuado na baremación.

Artigo 18.- Listas de espera e activación de solicitudes.

Aquelas solicitudes de beneficiarios que aínda sendo viables non resultasen elixidas no baremo e as que non puideron acceder ao local por estar ocupado, integrarán a lista de espera á que se recorrerá para cubrir posibles vacantes. A validez das solicitudes será dun ano natural, transcorrido o cal deberá reactivarse mediante nova solicitude.

Artigo 19.- Vacantes.

A cobertura de locais libres farase acudindo á lista de espera. Por deferencia aos proxectos cuxa documentación fose estudada, pedirase axilidade aos responsables das novas solicitudes para a presentación dos documentos que requiren informe, establecéndose un prazo non superior a un mes.

TÍTULO TERCEIRO

NATUREZA DO TÍTULO HABILITANTE

Artigo 20.- Natureza do título habilitante

Os locais asignaranse en réxime de autorización demanial e dará lugar á sinatura do correspondente convenio de colaboración.



Concello de Outeiro de Rei

Artigo 21.- Traslados e ampliación do número de locais.

a) As empresas interesadas en utilizar un novo local do Viveiro ou que precisen dun traslado a un local diferente ao que se lles adxudicou, deberán presentar a correspondente solicitude, acompañada da documentación e datos que haxan variado respecto da que presentaron con anterioridade. Con iso iniciárase o proceso selectivo, xunto coas solicitudes que concorran naquel, en igualdade de condicións.

b) As ampliacións e traslados se dilixenciarán en cláusula incorporada ao convenio, de forma que non se faga variar o período de estancia máxima no Viveiro.

Artigo 22.- Modificacións nas inscricións

As variacións de forma xurídica, delegación de poderes, cambios substantivos do paquete accionarial, ampliacións ou variacións do obxecto da sociedade, etc. serán advertidos polos representantes ou titulares do negocio e incluíranse en dilixencia incorporada ao convenio.

Artigo 23.- Duración do convenio.

A estancia máxima das empresas establecida no convenio de prestación de servizos é dun ano, con todo e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, poderá incrementarse este prazo, previa petición e xustificación do interesado. Esta será estudada pola Comisión Técnica elevando proposta de resolución á alcaldía que será quen determine a necesidade de ampliación temporal da estancia no Viveiro. A petición será formulada cunha antelación mínima dun mes á finalización do mencionado convenio nos termos que se establecen seguidamente.

As ampliacións do período de estancia sobre o ano recoñecido no convenio, se dilixenciarán en cláusula incorporada ao convenio que será asinada, en presenza do Secretario do Concello, polo Alcalde- Presidente da Corporación e o representante legal da empresa.

A ampliación de período de estancia non poderá superar os doce meses.

Artigo 24.- Revogación da autorización.



Concello de Outeiro de Rei

O Concello poderá revogar a autorización e, consecuentemente, resolver o convenio nos seguintes casos:

- Incumprimento das condicións que foron obxecto de baremación.
- Incumprimento da obrigaón de conservación e mantemento das instalacións municipais.
- Cesamento da actividade por un período superior aos dous meses, salvo concorrencia de causa xustificada.
- Falta de pago das subministracións de auga, electricidade, telefonía etc, ou demais prestacións, públicas ou privadas, derivadas do uso do inmovible.

Artigo 25.- Extinción da autorización e recuperación posesoria

Unha vez expirada a vixencia ou revogada a autorización de uso, o Concello poderá recuperar a posición do local en vía administrativa e consoantes ao disposto na lexislación patrimonial.

O Usuario deberá entregar o local nas mesmas condicións que aquelas nas que foi entregado.

O importe dos danos causados polo contratista ás instalacións municipais, así como os custes de reposición do local ao seu estado primixenio determinarase en procedemento administrativo contradictorio, cuxa resolución será executiva de conformidade coa lexislación correspondente aos ingresos de natureza pública.

En Outeiro de Rei; O Alcalde

Asdo.: José Pardo Lombao



Concello de Outeiro de Rei

ANEXO 1

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO VIVEIRO INDUSTRIAL DE OUTEIRO DE REI

DATOS DA PERSOA OU EMPRESA SOLICITANTE

Nome ou razón social:		NIF:	
Domicilio social:		CP:	
Localidade:	Tfno:	Fax:	
Forma xurídica:		Data de constitución:	
Actividade:			
Nº traballadores:	Facturación:	Nova creación SI ☐ NON ☐	Necesidades de espazo:
PERSOA DE CONTACTO			
Nome e apelidos:			Teléfono:

EXPÓN: Que estando interesado na ocupación dun local no Viveiro Industrial de Outeiro de Rei, xunto cos servizos que incorpora, desexa procedase ao estudo da presente petición, comprometéndose a facilitar cantos datos lle sexan requiridos para a mellor análise do correspondente expediente e achegando, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marque cunha X)

- ☐ Fotocopia do DNI do representante legal da iniciativa.
- ☐ Currículo vitae dos promotores da iniciativa.
- ☐ Vida laboral actualizada e de ser o caso, contratos ou documentación acreditativa da experiencia laboral relacionada coa actividade a desenvolver do promotor ou promotores.
- ☐ Plan de Empresa (acompañando xustificantes dos datos económicos rexistrados pola empresa no caso de que a empresa xa estea en funcionamento), incluído o seu plan de viabilidade.

Empresas xa constituídas:

- ☐ Alta censal (036 ou 037)
E no caso de CB, SC ou persoas xurídicas, ademáis:
- ☐ Escrituras de constitución ou alta de autónomos
- ☐ CIF da empresa

Empresas non constituídas aínda (obligatorio):

- ☐ Comprométome a achegar a alta no Censo de obrigados tributarios tan pronto como se produza e como máximo no prazo de tres meses dende a firma do contrato de cesión, así como, no seu caso, CIF da empresa e escrituras ou contrato de constitución e de apoderamento.

Outeiro de Rei, _____ de _____ de _____
O/a solicitante,
SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO EMPRESARIAL

DATOS DA EMPRESA (se a empresa xa está constituída)

Nome / Razón social:		CIF/NIF:
Sector de actividade:		
Dirección actual:		
Localidade:		CP:
Teléfono:	Fax:	E-mail:
Forma xurídica:		
Data de constitución legal:		
Data de inicio de actividade (*):		
Nº de socios:	Nº de socios traballadores:	
Nº de empregados (incluíndo socios traballadores):		

(*) A efectos de determinación do inicio de actividade considerarase a data de alta na declaración censal do IAE

DATOS DO PROXECTO (se a empresa non está constituída)

Nome da empresa:	
Sector de actividade:	
Epígrafe IAE	
Forma xurídica prevista:	
Data prevista de constitución legal:	
Data prevista de inicio de actividade:	
Nº de socios:	Nº de socios traballadores:
Nº de empregados (incluíndo socios traballadores):	

DATOS DOS SOCIOS OU PROMOTORES DO PROXECTO



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Nome e apelidos:		
DNI:	Enderezo:	
Localidade:		Código Postal:
Data de nacemento:		Teléfono:
Cargo:		

Nome e apelidos:		
DNI:	Enderezo:	
Localidade:		Código Postal:
Data de nacemento:		Teléfono:
Cargo:		

Nome e apelidos:		
DNI:	Enderezo:	
Localidade:		Código Postal:
Data de nacemento:		Teléfono:
Cargo:		

Nome e apelidos:		
DNI:	Enderezo:	
Localidade:		Código Postal:
Data de nacemento:		Teléfono:
Cargo:		

Nome e apelidos:		
DNI:	Enderezo:	
Localidade:		Código Postal:
Data de nacemento:		Teléfono:
Cargo:		

Descrición do proxecto:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Actividade a realizar, características máis singulares, etc.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Descrición dos socios ou promotores:

(Experiencia, formación, cualidades, etc.)



Análise do mercado

Mercado e características

Ámbito xeográfico

Evolución dos últimos anos e previsións futuras



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Clientes

Competencia



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Análise de puntos fortes e débiles **Puntos fortes do proxecto:**

Puntos débiles do proxecto:

Características técnicas do proxecto Producto ou servizo.
Describe brevemente cales son as líneas do produto ou servizo que



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

se ofrecen así coma as necesidades que se pretende cubrir.

Prezo. Descrición de prezos de mercado, marxe de beneficios, política respecto da competencia.. etc.

Distribución. Breve descrición do cómo se comercializa o produto ou servizo (canles de distribución, intermediarios ... etc).

Datos económico-financieros Presuposto estimado de posta en marcha



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

CONCEPTO	IMPORTE (en euros)
Gastos de constitución (notarías, rexistros, etc.)	
Equipamento informático	
Outro equipamento (*)	
Elementos de transporte	
Aplicacións informáticas (software)	
Propiedade industrial. Patentes e marcas	
Publicidade e promoción	
Existencias iniciais (stocks)	
Tesourería inicial	
Taxas e impostos	
Outros gastos (**)	
TOTAL	

(*) Indique cal

(**) Indique cales

Plan de financiación previsto

RECURSOS	IMPORTE (en euros)
----------	--------------------



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Persoal (soldos e salarios)	
Gastos xerais	
Outros gastos	
TOTAL GASTOS (A)	
INGRESOS	
Ingresos ordinarios de explotación	
Ingresos extraordinarios	
TOTAL INGRESOS (B)	
<i>BENEFICIO / PERDA (B-A)</i>	

ANEXO 3



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

DITAME DE VIABILIDADE

Análise do proxecto empresarial estruturado nos seguintes apartados:

1.-IDENTIFICACIÓN

- 1.1.- Identificación do promotor
- 1.2.- Identificación da empresa
- 1.3.- Avaliación do perfil do promotor
- 1.4.- Conclusións

2.- AVALIACIÓN DO POSICIONAMENTO COMPETITIVO

- 2.1.- Produtos ou servizos. Definición do negocio
- 2.2.- Avaliación do mercado potencial
- 2.3.- Avaliación da política comercial definida polo promotor
- 2.4.- Conclusións

3.- AVALIACIÓN DA ÁREA DE PRODUCCIÓN

- 3.1.- Avaliación da situación actual definida polo promotor
- 3.2.- Conclusións

4.- AVALIACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

- 4.1.- Persoal (inclúe aos/ás promotores) definida polo promotor
- 4.2.- Conclusións

5.- AVALIACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

- 5.1.- Situación económica
- 5.2.- Situación financeira
- 5.3.- Conclusións

6.- AVALIACIÓN FINAL

7.- PROPOSTA ao CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

ANEXO 4

AVALIACIÓN FINAL



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Avaliación Técnica do Plan de Negocio (Resumen de puntuacións valoradas de 1 a 5)

ÁREAS	PUNTUACIÓN
Perfil del promotor	
Posicionamento competitivo	
Organización da área de produción	
Organización dos recursos humanos	
Viabilidade económico-financieira	
TOTAL (Media)	

// . Proxecto inmaduro/Alto risco

// . Proxecto medianamente maduro/Alto risco

// . Proxecto medianamente maduro/Risco medio

// . Proxecto maduro/Risco medio

// . Proxecto moi maduro/Risco medio

CONCLUSIÓN FINAL: VIABLE ☐ INVIABLE ☐